



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xaneiro 2017

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Xaneiro 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un aumento do 10,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,2 puntos superior ao do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,7%, 3,3 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 12,0% e os Outros servizos o 5,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,1% e en España un 2,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xaneiro. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un crecemento do 10,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,2 puntos máis que no mes de decembro. O índice para España amosa un aumento do 7,7% respecto ao mes de xaneiro de 2016, 3,3 puntos superior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 12,0% e achega 9,2 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 5,1% e achegan 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 8,5%, 3,5 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,3%, superando o crecemento galego en 1,2 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 16,6% e achega 7,7 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 1,5% e o *Comercio ao retalho* o 5,8%.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 3,8 puntos, cun crecemento do 10,8%; a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o mesmo incremento pero a súa repercusión é menor (0,7 puntos).

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 5,1%; os sectores que máis crecen son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (13,8%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,0%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,3%. Os sectores con maior crecemento son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que aumentan un 8,8%, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (7,6%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 8,8% no mes de xaneiro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 11,5% e achegan 4,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* achegan 1,2 puntos, cun crecemento do 16,0%; o *Transporte* crece un 6,1% e achega 1,0 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Galicia (10,4%) e Madrid e Illes Balears (10,0%). As comunidades con menores crecementos son Asturias (3,8%) e Extremadura (4,9%).

Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,1% respecto ao mes de xaneiro de 2016, 0,3 puntos menos que en España (2,4%).



O persoal ocupado aumenta un 1,7% no *Comercio* e un 2,4% nos *Outros servizos*. No *Comercio*, tanto o *Comercio por xunto* como o *Comercio polo miúdo* achegan catro décimas á taxa de variación do índice xeral con incrementos do 3,2% e 1,4% respectivamente. Na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,7%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 5,4% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* co que achegan sete décimas á taxa de variación do índice xeral. A *Hostalería*, cun incremento do 3,7%, achega cinco décimas á taxa do índice xeral. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen un 1,8% o persoal ocupado

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incrementos dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,1%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro. Os maiores incrementos danse en Murcia (5,1%) e Illes Balears (4,2%).

Castilla y León (1,2%) e Castilla – La Mancha (1,4%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,0	10,4	10,4
Comercio	110,7	12,0	10,3
Venta e reparación de vehículos de motor	79,9	1,5	5,4
Comercio por xunto	118,7	16,6	14,8
Comercio ao retalho	104,2	5,8	2,5
Outros servizos	90,5	5,1	4,6
Transporte	102,6	2,1	2,0
Hostalería	76,7	2,9	8,3
Información e comunicacións	82,2	5,2	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	79,9	13,8	0,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,9	9,0	12,7
España			
Xeral	97,5	7,7	7,7
Comercio	99,7	8,5	8,5
Venta e reparación de vehículos de motor	96,0	10,8	10,8
Comercio por xunto	100,4	10,8	10,8
Comercio ao retalho	99,3	4,0	4,0
Outros servizos	93,3	6,3	6,3
Transporte	104,2	7,0	7,0
Hostalería	88,4	3,5	3,5
Información e comunicacións	91,5	4,6	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	90,6	8,8	8,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	87,7	7,6	7,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	98,0	8,8	8,8
Comercio	106,2	11,5	11,5
Transporte	118,3	6,1	6,1
Hostalería	76,9	3,1	3,1
Información e comunicacións	81,6	6,2	6,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	92,3	16,0	16,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,0	9,8	9,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xaneiro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	97,5	7,7	7,7
Andalucía	96,5	8,0	8,0
Aragón	92,8	5,5	5,5
Asturias	90,1	3,8	3,8
Baleares, Illes	81,9	10,0	10,0
Canarias	108,0	7,1	7,1
Cantabria	91,0	5,3	5,3
Castilla y León	95,0	5,6	5,6
Castilla-La Mancha	94,2	9,3	9,3
Cataluña	98,3	6,5	6,5
Comunitat Valenciana	101,8	5,4	5,4
Extremadura	90,6	4,9	4,9
GALICIA	106,0	10,4	10,4
Madrid	96,2	10,0	10,0
Murcia	101,3	6,0	6,0
Navarra	93,8	9,8	9,8
País Vasco	97,2	6,2	6,2
Rioja, La	103,7	6,4	6,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	96,7	2,1	2,1
Comercio	94,4	1,7	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	83,4	-0,7	-0,7
Comercio por xunto	91,3	3,2	3,2
Comercio ao retallo	98,5	1,4	1,4
Outros servizos	98,6	2,4	2,4
Transporte	97,7	1,8	1,8
Hostalería	91,3	3,7	3,7
Información e comunicacións	87,5	1,5	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,3	-1,8	-1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,8	5,4	5,4
España			
Xeral	99,7	2,4	2,4
Comercio	99,5	2,0	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	91,4	1,9	1,9
Comercio por xunto	103,5	2,4	2,4
Comercio ao retallo	98,5	1,8	1,8
Outros servizos	99,7	2,6	2,6
Transporte	98,5	2,4	2,4
Hostalería	96,0	2,2	2,2
Información e comunicacións	98,3	1,6	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,4	2,1	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,9	4,1	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xaneiro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	99,7	2,4	2,4
Andalucía	97,6	1,6	1,6
Aragón	97,3	2,2	2,2
Asturias	92,8	1,6	1,6
Baleares, Illes	89,7	4,2	4,2
Canarias	104,3	3,8	3,8
Cantabria	98,4	3,2	3,2
Castilla y León	95,7	1,2	1,2
Castilla-La Mancha	98,6	1,4	1,4
Cataluña	103,1	2,5	2,5
Comunitat Valenciana	102,2	2,5	2,5
Extremadura	100,7	3,8	3,8
GALICIA	96,7	2,1	2,1
Madrid	97,9	2,3	2,3
Murcia	106,6	5,1	5,1
Navarra	103,5	3,9	3,9
País Vasco	102,1	1,9	1,9
Rioja, La	105,2	3,3	3,3

Fonte: INE